

# COMITÉ INTERCENTROS DO PERSOAL LABORAL DA XUNTA DE GALICIA

PLENO ORDINARIO DO 3 DE MARZO DE 2016

## **1-Aprobación se procede da actas nº 11/2015.**

Queda aprobada por unanimidade a referida acta. Nesta acta figura o acordo por unanimidade deste órgano para iniciar as actuacións de reclamación contra a Xunta por incumprimento do artigo 46.5 do vixente Convenio Colectivo coa presentación da reclamación administrativa previa á vía xudicial laboral.

Tamén se acordou que no suposto de silencio administrativo ou de non estimarse a referida reclamación se procederá á presentación da demanda ordinaria diante do órgano xudicial correspondente.

Do mesmo xeito, tamén se acorda achegar este procedemento aos restantes comités de empresa para que poidan proceder de xeito análogo no seu ámbito respectivo.

Así, as actuacións correspondentes á actuación do Comité Intercentros neste eido serán desenvoltas polos servizos xurídicos da CSI•F. No obstante, o resto dos Comités de Empresa deben acordar no seu ámbito o procedemento e o reparto de tal actuación.

Dito todo isto, é importante recordar que os comités de empresa que presentasen a referida reclamación administrativa previa, dispoñen dos seguintes prazos:

- No caso de recibir contestación denegatoria da referida reclamación: 2 meses dende a denegación.
- No caso de non recibir contestación: Dispónse dun prazo de 3 meses dende a presentación da reclamación.

## **2-Xuntanza con Función Pública. Presentada petición o 28/01/2016.**

Dado o tempo transcorrido dende que se solicitou unha reunión con Función Pública, e á vista de que non procede a facilitar a dita xuntanza, acórdase facer unha derradeira solicitude e no caso de seguir denegando esta petición, proceder a convocatoria dos medios para facer unha denuncia pública da falla de respecto por parte de Función Pública cara este órgano de representación de todo o persoal laboral da Xunta de Galicia.

## **3-Xuntanza Comisión Paritaria.**

As OO.SS membros da comisión paritaria informan que van a solicitar a convocatoria da referida comisión co obxecto de tratar diversos asuntos pendentes, como por exemplo, as diversas solicitudes de reingreso entre outras.

## **4.- Escritos enviados e recibidos.**

Procédese ao estudo e análise das diversas resolucións de superior categoría e adscricións temporais facilitadas pola Administración.

CSI•F, 1 de marzo de 2016.

**CSI•F Galicia**

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ [galicia@csi-f.es](mailto:galicia@csi-f.es) 🌐 [www.csi-f.es/ambito/galicia](http://www.csi-f.es/ambito/galicia)